

## FORMACIÓN PROXECTO LABORA 2020 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Xa están publicadas as accións formativas da segunda contratación de formación do proxecto Labora 2020 no portal de emprego da Xunta de Galicia.

Toda a **formación é gratuíta** e está destinada a **persoas desempregadas da provincia de Pontevedra** que se atopen en algunha das seguintes situacións:

- Persoas desempregadas de longa duración (PLD)
- Mozas e mozos menores de 30 anos non atendidos no Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEX)
- Persoas maiores de 55 anos
- Persoas con discapacidade
- Inmigrantes
- Minorías étnicas e comunidades marxinadas
- Outros colectivos desfavorecidos: persoas que viven en fogares compostos dunha única persoa adulta con fillas ou fillos ao seu cargo; persoas sen fogar ou afectadas pola exclusión en materia de vivenda; vítimas de violencia de xénero, vítimas de discriminación por orixe racial ou étnico, orientación sexual e identidade de xénero; solicitantes de asilo; persoas con problemas de adicción; persoas reclusas e ex reclusas; persoas perceptoras de rendas mínimas ou salarios sociais; persoas con fracaso ou abandono escolar
- Outras persoas en situación de vulnerabilidade acreditada por un informe dos servizos sociais

Os itinerarios formativos do proxecto Labora 2020 dispoñen dunha **axuda económica** de 13,45€ por día de asistencia para aquelas persoas que non teñan ingresos individuais de calquera natureza superiores ao 75% do IPREM e asistan ao 90% da formación.

Lembrámosvos que para poder participar nos itinerarios do proxecto Labora 2020 as persoas interesadas deberán:

- Solicitar a formación correspondente na súa oficina do Servizo Público de Emprego (SPEG) ou no portal da Consellería de Economía, Emprego e Industria <http://emprego.xunta.gal> coas súas claves de acceso .
- Realizar a preinscrición no formulario dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>)

Achegamos os códigos dos itinerarios para dirixir a aquelas persoas que estean interesadas

ACCIÓN FORMATIVA	CÓDIGO	INICIO	LOCALIDADE
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	2019/006108	Maio	Cambados
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	2019/006109	Maio	Lalín
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	2019/006110	Maio	Pontevedra
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	2019/006111	Setembro	Pontevedra
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	2019/006112	Maio	Vigo
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	2019/006113	Outubro	Vigo

ACCIÓN FORMATIVA	CÓDIGO	INICIO	LOCALIDADE
Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio	2019/006114	Maio	Porriño
Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio	2019/006115	Maio	Pontevedra
Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio	2019/006116	Setembro	Pontevedra
Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio	2019/006117	Xuño	Vigo
Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio	2019/006118	Setembro	Vigo
Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio	2019/006119	Outubro	Vigo

ACCIÓN FORMATIVA	CÓDIGO	INICIO	LOCALIDADE
Docencia da formación profesional para o emprego	2019/006120	Agosto	Cangas
Docencia da formación profesional para o emprego	2019/006121	Maio	Pontevedra
Docencia da formación profesional para o emprego	2019/006122	Setembro	Pontevedra
Docencia da formación profesional para o emprego	2019/006123	Maio	Vigo
Docencia da formación profesional para o emprego	2019/006124	Setembro	Vigo
Docencia da formación profesional para o emprego	2019/006125	Maio	Vilagarcía

ACCIÓN FORMATIVA	CÓDIGO	INICIO	LOCALIDADE
Xestión de chamadas de teleasistencia	2019/006126	Maio	Cangas
Xestión de chamadas de teleasistencia	2019/006127	Maio	Pontevedra
Xestión de chamadas de teleasistencia	2019/006128	Setembro	Pontevedra
Xestión de chamadas de teleasistencia	2019/006129	Maio	Vigo
Xestión de chamadas de teleasistencia	2019/006130	Agosto	Vigo

Datos de contacto para que as persoas interesadas poidan solicitar máis información son:

Teléfono: 986 804100, etx:40846

e-mail: [labora2020@depo.es](mailto:labora2020@depo.es)

Inscripcións: <http://depo.gal/labora2020>